

O festival **Nigranjazz**, organizado polo **Concello de Nigrán**, cumpriu unha década este ano, sendo o festival máis lonxevo organizado dende o consistorio e o único adicado ao jazz de toda a comarca do Val Miñor. **Actualmente está considerado entre músicos, afeccionados e prensa especializada como un dos mellores do noroeste peninsular debido á calidade dos artistas que nel participan.** A diferenza doutros festivais, aposta por un **jazz puro, lonxano das vangardas.**



 **DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA**



**Concello  
de Nigrán**

[www.nigran.org](http://www.nigran.org)  /concello denigran  /nigranjazz





Sempre con entrada gratuita, celébrase no **espazo clasificado na Rede Natura do esteiro de A Foz**, na Ramallosa, dende que en 2007 o impulsasen veciños de Nigrán entusiastas desta música, manténdose activos na organización co músico Felipe Villar á cabeza. Dende entón, conseguíuse achegar a Nigrán a algúns dos mellores artistas a nivel internacional, por el desfilaron, entre outros, **Peter Bernstein, Gilad Hekselman, Bill McHenry, Jorge Rossy, Marteen Hogenhuis, Joe Martin, Chris Cheek** ou este ano o afamado guitarrista americano **Kurt Rosenwinkel**. Pero non hai que esquecer que o festival é tamén un espazo para os cada vez máis e mellores **músicos de jazz galegos**, así, é xa tradición que se integren nas formacións internacionais músicos locais, compoñendo agrupacións en exclusiva para o evento e dando a oportunidade aos músicos de aquí de presentar os seus traballos. Compre destacar que o Nigranjazz outorga tamén especial relevancia á **relación galaico-portuguesa**, consagrando algunha edición unicamente a isto e invitando sempre a artistas lusos a participar.

A permanencia en Nigrán ao longo destes anos xerou un especial interese por esta música na comarca, congregando cada vez a máis público no esteiro de A Foz: fieis seguidores que non faltan dende a primeira edición e veciños e turistas que cada vez fan máis multitudinario este evento, alleo por completo á música comercial.

Finalmente, compre mencionar outro dos signos de identidade do festival, que é o **concurso de carteis** de cada edición, adicado ao veciño de Nigrán Quin Alborés, deseñador gráfico e organizador do Nigranjazz ata a súa morte. Tamén hai que subliñar a **master-class** que tradicionalmente imparte o conxunto estrela ou as distendidas **jam-sessions** posteriores aos concertos.



Por todo isto, o **Nigranjazz é xa unha referencia cultural** que da prestixio a Nigrán ao situar ao municipio entre os que máis apostan pola música de altísima calidade.



Fotografías de Miguel Estima e Ollomol Audiovisual